

Acta Asamblea Abril 2012

Asisten: Tomi, Lydia, Mariola, Cris, Pepe e Tono

1_Avaliación Brigada Limpeza

2_Dossier

3_Calendario de acción dos próximos meses

4_Varios

1_Avaliación Brigada Limpeza

En termos xerais a xornada resultou positiva. Estaremos mellor coordinados de cara as próximas accións sobre todo no trato coas autoridades. Estaría ben que tódolos membros soubesemos o CIF da Asociación para facilitalo no caso que nos pidan que nos identifiquemos.

Cómpre saber que a concentración non foi ilegal xa que foi pacífica, e nese caso non é preciso pedir permiso para xuntarse.

Debido á nova Lei de Protección de Datos tentaremos incluír o parágrafo de rigor cos datos da asociación para os correos internos da plataforma.

Tono está orgulloso de pertencer a este grupo!

2_Dossier

Temos unha base de traballo feita e agora o ideal sería facer dúas modalidades: dossier exhaustivo (completando o que temos) e unha carta de presentación concisa na que se explique a natureza do proxecto.

Hai puntos febles como o da autoxestión que cómpre darlles prioridade. É preciso explicar por que queremos facer o centro dende abaixo, dende a xente.

Para o punto do financiamento estaría ben investigar sobre goteo.org ou webs similares, e tamén podemos atopar referencias en Nou Barris xa que é un centro autoxestionado con diñeiro do concello.

Faremos unha primeira versión do dossier unificando, dando coherencia e completando o que temos.

Equipo de edición do dossier: Patxi, Tono, Mariola, Lydia e Cris.

3_Calendario de acción dos próximos meses

Camisetas_ Comezar a mover as camisetas. Aproveitar a venda para achegar socios. Poñer os puntos de venda no blogue.(contactar con Zocamiñoca)

Contactos/Apoios_ É preciso que a xente de a pé coñeza o proxecto. Para que a xente sinta a necesidade do Cárcere temos que ofrecer cousas concretas, proxectos concretos cos que podamos chegar ás asociacións que xa forman parte de nós como ás que aínda non. Preguntar directamente ós colectivos se queren facer algo no cárcere e que farían. O GdT de Proxectos tentará contactar con Aspronaga e adicarse a manter quentes os fíos dos contactos que xa temos e establecer novos lazos.

Promoción/Visibilidade_ Organizar algo aínda que non sexa no cárcere para acadar visibilidade. Poderíamos solicitar ó Concello un espazo para celebrar o aniversario do PC. Incluso falamos de publicidade viral coma videos.

Mariola propón facer unhas xornadas de 15 días con actividades, actuacións...pola cidade, contando coas distintas asociacións e artistas que forman parte do PC. Aproveitaríamos esas xornadas para facer mesas de traballo sobre o panorama social,... nas que presentaríamos o noso dossier. Para isto, falaríamos coas asociacións para ver que poderían aportar cada unha, cousas concretas, para as xornadas de 15 días onde sexan. Para pór en marcha o evento:

-Maquetar o dossier e facer un pequeno guión para a prensa.

-Contactar coas asociacións para ver de que maneira se poden implicar, de que espazos podemos dispor,...

-Facer público o evento, presentalo en sociedade

-De acordo coa implicación recibida de artistas e asociacións, estrutúrase o programa de actividades.

-Mesas de traballo incluídas nas xornadas nas que se fará a presentación do dossier á sociedade.

Poderíanse facer visitas guiadas no ámbito da torre e do cárcere coas camisolas do PC.(incluílas tamén nas xornadas)

Partidos políticos_ Contactar con tódolos partidos á marxe das ideoloxías políticas.

4_Varios